

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DOUTOR SUÁREZ

CURSO: 6º

MATERIA: Lingua Castelá

DEPARTAMENTO: Lingua Castelá

DATA: 13 / 5 / 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando as normas da comunicación: quenda de palabra, organizar o discurso, escoitar e incorporar as intervencións dos e daws demais.	LCB1.1.4. Aplica as normas sociocomunicativas: escoita atenta, espera de quendas participación respectuosa, adecuación á intervención da persoa interlocutora, papel de persoa moderadora e certas normas de cortesía.
B1.2. Integrar e recoñecer a información verbal e non verbal dos discursos orais.	LCB1.2.1. Emprega conscientemente recursos lingüísticos e non lingüísticos para comunicarse nas interaccións orai
B1.3. Expresarse de forma oral para satisfacer necesidades de comunicación en diferentes situacións con vocabulario preciso e estrutura coherente	LCB1.3.3. Participa activamente en diversas situacións de comunicación: Debates e diálogos. Exposicións orais con e sen axuda das tecnoloxías da información e comunicación.
B1.9. Producir textos orais breves e sinxelos dos xéneros máis habituais imitando modelos.	LCB1.9.1. Reproduce comprensiblemente textos orais breves e sinxelos imitando modelos e axustándose á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados, expositivos e argumentativos) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios, prescritivos e persuasivos)
B1.11. Valorar os medios de comunicación social como instrumento de aprendizaxe e de acceso a informacións e experiencias de doutras persoas	LCB1.11.4. Prepara, seguindo modelos, reportaxes sobre temas de seu interese.
B2.3. Ler en silencio diferentes textos valorando o progreso na velocidade e a comprensión.	LCB2.3.2. Realiza lecturas en silencio resumindo con brevidade os textos lidos
B3.1. Producir textos con diferentes intencións comunicativas con coherencia, respectando a súa estrutura e aplicando as regras ortográficas coidando a caligrafía, orde e presentación.	LCB3.1.2. Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesivas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
B3.3. Utilizar o dicionario como recurso para resolver dúbidas sobre a lingua, o uso ou a ortografía das palabras	LCB3.3.1. Utiliza habitualmente o dicionario, en papel e en liña, no proceso de escritura.
B3.5. Buscar unha mellora progresiva no uso da lingua, explorando canles que desenvolvan a sensibilidade, a creatividade e a estética	LCB3.5.1. Pon interese e esfórzase por escribir correctamente de forma persoal
B3.6. Favorecer a través da linguaxe a formación dun pensamento crítico que impida discriminacións e prexuízos	LCB3.6.1. Expresa, por escrito, opinións, reflexións e valoracións argumentadas e usa, de xeito habitual, unha linguaxe non sexista
B4.2. Desenvolver as destrezas e competencias lingüísticas a través do	LCB4.2.3. Identifica e clasifica os diferentes tipos de palabras nun texto

uso da lingua.	
B4.3. Sistematizar a adquisición de vocabulario a través dos textos	LCB4.3.1. Recoñece a estrutura do dicionario e tipos de dicionario, en diferentes soportes e úsaos para buscar o significado de calquera palabra (derivadas e sinónimas).
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Sinala as características que definen ás diferentes clases de palabras e nomes: clasificación e uso para construír o discurso nos diferentes tipos de producións.
B5.2. Integrar a lectura expresiva e a comprensión e interpretación de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar e recoñecer e interpretar algúns recursos da linguaxe literaria (metáforas, personificacións, hipérboles e xogos de palabras), e diferenciar as principais convencións formais dos xéneros	LCB5.2.1. Realiza lecturas guiadas de textos narrativos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.
B5.4. Producir a partir de modelos dados textos literarios en prosa ou en verso, con sentido estético e creatividade: contos, poemas, adiviñas, cancións, e fragmentos teatrais.	LCB5.4.1. Crea textos literarios (contos, poemas, cancións e sinxelas obras teatrais) a partir de pautas ou modelos dados utilizando recursos léxicos, sintácticos, fónicos e rítmicos en ditas producións.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos: observación sistemática das tarefas, listas de control do traballo do alumnado.
	Instrumentos: cuestionarios e fichas interactivas, listas de control das tarefas escritas e producións audiovisuais.
Cualificación final	Mediante a media aritmética do 1º e 2º trimestre e teráse en conta positivamente o traballado durante o 3º trimestre
Proba extraordinaria de setembro	
Alumnado de materia pendente	Criterios de avaliación:
	Criterios de cualificación:
	Procedementos e instrumentos de avaliación:

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)

Actividades	<p>Realizaremos actividades de reforzo e repaso nas que traballaremos contidos da primeira e segunda avaliación a través de fichas, cuestionarios, actividades interactivas, xogos on line e tarefas escritas.</p> <p>Ademáis ampliaremos os contidos xa adquiridos polo alumnado deseñando actividades que poidan ser desenvolvidas de forma autónoma a partir de vídeos explicativos, esquemas, fichas, traballos de investigación, actividades interactivas e producións audiovisuais.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)	<p>Xa que todo o meu alumnado dispón de conectividade, uso un blogue como ferramenta principal para colgar as actividades diariamente e información relevante. Ademáis usamos diariamente o correo electrónico como medio de comunicación coas familias e alumnado, envío de tarefas, seguimento e correccións persoais. Tamén uso o teléfono móbil en casos excepcionais.</p> <p>A metodoloxía ten un marcado carácter lúdico e interdisciplinar. A flexibilidade é clave nestas circunstancias, sendo o alumnado quen marca o ritmo de traballo.</p>
Materiais e recursos	<p>Ordenador e/ou teléfono móbil para comunicarse, enviar fotos e vídeos das tarefas e consultar o blog, correo electrónico, vídeos, dicionarios, páxinas web, xogos interactivos, aínda que todas as actividades están deseñadas para poderse facer co caderno, lapis e material caseiro.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A través do blog, o correo electrónico e, en casos excepcionais, o teléfono móbil.
Publicidade	Na páxina web do centro.